



# ALGUÉN

José Manuel Gómez Torres

**E**se Alguén pode ser calquera, eu mesmo, ou aquel que transporta enriba dos seus ombreiros encalecidos bombonas domésticas, ou aquel outro uniformado que esixe respecto ás leis, ou tamén, ¿por que non?, podería se-lo último bastión humano que predestina a nosa morte, en fin, o tal Alguén podes ser ti, home ou muller, por condición establecida xenéticamente e por iso: unha identidade aínda que non chegues a ser socio honorífico do Club dos Alguén, do que, potencialmente, todos somos abonados, incluído ti.

A lembranza trasládame a aquel día en que Alguén, totalmente descoñecido para min e para o que eu lle resultaba pouco familiar, era o seu Alguén evidentemente, dirixiuse á miña persoa e sorprendeume preguntándome por un tal Alguén do que me regalou unha morea de identidades que resultaron ser todas un cúmulo de referencias inútiles polo pouco reveladoras que me resultaron. Aquel Alguén que me preguntaba polo tal Alguén e para que eu era o seu Alguén, nada máis decatarse do meu descoñecemento polo seu Alguén buscado marchou cunha imaxe de min, para a súa desgracia, real, ademais dunha perda de tempo total polo que se viu obrigado a seguir no seu empeño esperando a que outro Alguén puidera ser lle más útil. O tempo sóubose todo do Alguén perdido, xa para ambos, pois Alguén contou despois dun soño que o enigmático Alguén era eu mesmo de copeo cos dous Alguéns da noite: o consciente e o inconsciente. Que o subconsciente se explique e senón:

¡Que Alguén mo aclare!

# ¿QUE É A VIDA?

José Manuel Gómez Torres

¿E pregúntasmo a min?, ja min, que resulto ser un anaco de ti!, ¡de ti unha infinitésima parte!, ¿Como tes ese valor de interrogarme ó respecto? Ti, interlocutor e entrevistado á vez, cen por cen da pregunta, asume o humillante que resulta ser, polo pouco reveladora, tal interpretación. Por moito que o intente non podo xustificar tal vexación e, aínda así, pídoch que procures non perde-lo que debería ser la túa auténtica conciencia se en verdade aínda non a malograches. Quizais che fose de proveito facer unha visita á fosa que a túa antagonista nos ten preparada e que ela mesma che profetice o que intentas facerme crer que ignoras.

Un pouco antes do final, cando a túa残酷 decide que a miña existencia sexa alimento de vermes antropófagos, sei que me deixarás fuxir por diante de ti, para a túa sorte e sabendo que só hai medalla para o último. Faite a unha idea de que se no sprint final cruzarei a meta agonizando con parecida expresión letal á de todos aqueles que durante séculos alzaron os seus brazos de campión acabado. Logo desapareceréi e ti quedarás mantendo en activo a mesma pregunta como resposta á túa eternidade e ante futuras víctimas. O final non temos máis remedio que acepta-la realidad, sairía sempre perdendo, loito por manter certa nobreza ante esta calidade túa que permite con conta gotas o vivir namorado de algo efémero, é curioso, amar a quen me vai condenar e que hoxe enche de maledicencia pregúntame sobre aquilo que xa sabe que eu, interesadamente, quero ignorar.

¡Así é a vida!